



CURSO 2020/2021: CONVOCATORIA FONDO SOLIDARIO LIBROS E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR (DOG 19/05/2020)

• **Prazo presentación solicitudes: remata o día 19 de xuño**

• **Presentación** solicitudes e dispoñibilidade dos impresos:

1. No I.E.S. Nº 1 *
2. Sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> (código ED330B)
3. Aplicación informática Fondolibros: <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

* Dada a situación actual, para poder garantir o cumprimento das medidas sanitarias e de distanciamento social, as solicitudes presenciais faranse **telefonicamente de acordo co seguinte protocolo:**

1. Chame o centro. O persoal administrativo irá gravando a solicitude na aplicación cos datos que lle aporte. Despois, imprimirá a solicitude (Anexo I e II), que terá que ser asinada debidamente.
2. Con tal fin, o persoal administrativo concertará con vostede unha data na que poderá achegarse ao centro para recoller a solicitude e poder asinala debidamente. Se o prefire, pode solicitar que se lle envíe a solicitude por correo electrónico, que deberá imprimir e asinar. Téñase en conta que pode requirirse a sinatura de varios membros da unidade familiar. Unha vez asinada, depositarase no centro.
3. Nesa primeira comunicación telefónica, indícaráselle tamén a documentación que deberá aportar. No centro está limitado o emprego de documentos en papel e a súa circulación, polo que non se farán fotocopias. Isto implica que, se é necesario aportar documentación, as copias traeranse xa feitas. Debe amosarse o orixinal para o seu cotexo.

Neste procedemento establécese un calendario de quendas preferente por cursos coas datas nas que deberá chamar ao centro según a táboa seguinte:

Alumnado que cursará 1º ESO	<i>do 20 ao 27 de maio</i>
Alumnado que cursará 2º ESO	<i>do 28 de maio ao 3 de xuño</i>
Alumnado que cursará 3º ESO	<i>do 4 ao 10 de xuño</i>
Alumnado que cursará 4º ESO	<i>do 11 ao 17 de xuño</i>

• **Documentación necesaria:**

1. Impreso solicitude (anexo I).
2. Anexo II (comprobación datos membros computables unidade familiar).
3. Copia libro familia ou, se é o caso, sentenza de divorcio/separación.
4. Certificado grao discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano alleo á Xunta Galicia.

Se xa foi presentada no centro o curso anterior, non é necesario presentala de novo, agás se a situación á que fan referencia mudou desde entón.

(Todos os datos terán como data de referencia: 31 decembro de 2018)

• **Comprobación de datos:**

Para a tramitación da solicitude a administración consultará automaticamente os seguintes datos: DNI, RENDA, GRAO DISCAPACIDADE (de ser o caso), PERCEPCIÓN DE PENSIÓN POR INCAPACIDADE (de ser o caso)...

• **Publicación de listaxes de solicitudes admitidas/excluídas:**

1. A listaxe provisional de persoas beneficiarias de libros de texto publicarase no taboleiro de anuncios do centro o 10 de xullo. Poderán presentar reclamación nos dous días seguintes á publicación da listaxe.
2. A listaxe definitiva, cos libros asignados ao alumnado, publicarase o 14 de setembro.